

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

**DEFINICIÓN DE POSTOS DE TRABALLO NO SERVIZO DE HEMATOLOXÍA E HEMOTERAPIA:  
ENFERMEIRA DE ANTICOAGULACIÓN**

Código: HEM-IPX-001-01

Páxina 1 de 3

Data: Marzo 2026

<b>MODIFICACIÓNS</b>		
<b>REVISIÓN</b>	<b>DATA DE APROBACIÓN</b>	<b>DESCRICIÓN</b>
0	Marzo 2026	Aprobación do documento inicial
1	Marzo 2026	Ampliación de funcións, requirimentos e plan formativo

<b>PREPARADO</b>	Michael Calviño Suárez / Marta Fernández Docampo
<b>REVISADO</b>	Michael Calviño Suárez / Marta Fernández Docampo
<b>APROBADO</b>	Michael Calviño Suárez / Marta Fernández Docampo

### 1. DEPENDENCIAS

Depende directamente da Supervisora de Enfermaría de Hematoloxía e funcionalmente do Facultativo Especialista de Área (FEA) responsable da Unidade de Anticoagulación.

### 2. FUNCÍONS E RESPONSABILIDADES

- **Cumprimento normativo:** Coñecer e cumprir os protocolos vixentes do Servizo de

Hematoloxía, da Unidade de Anticoagulación e as normas de Seguridade do Paciente do SERGAS.

- **Entrevista Clínica Integral:** Realización da entrevista inicial estruturada ao paciente candidato a anticoagulación. Avaliación exhaustiva de antecedentes persoais, cálculo do risco hemorráxico (ex. escala HAS-BLED) e risco trombótico (ex. CHA2DS2-VASc), valoración da adherencia terapéutica, rede de apoio familiar e posibles barreiras socioculturais.
- **Valoración Clínica e Indicacións:** Recoñecemento e verificación das indicacións clínicas para o inicio do tratamento anticoagulante segundo os protocolos vixentes e as guías clínicas internacionais.
- **Probos Diagnósticos:** Toma de mostras venosas e capilares para o inicio e seguimento da anticoagulación. Xestión e envío correcto de mostras especiais ao laboratorio de hemostasia.
- **Interpretación de Estudos e Analíticas:** Lectura e interpretación de estudos de coagulación (TP, INR, TTPA, niveis de Anti-Xa para HBPM) e analíticas xerais (función renal, hepática e hemograma). Detección precoz e alerta á facultativo de valores críticos ou fóra de rango.
- **Manexo Farmacolóxico Avanzado:** Coñecemento exhaustivo de todos os anticoagulantes dispoñibles no petitorio do hospital:
  - Antagonistas da Vitamina K - AVK (Sintrom, Aldocumar).
  - Anticoagulantes Oraís de Acción Directa - ACOD (Apixaban, Rivaroxaban, Dabigatran, Edoxaban).
  - Heparinas de Baixo Peso Molecular - HBPM (Enoxaparina, Bemiparina, Tinzaparina, Dalteparina) e Fondaparinux.
- **Atención a Poboacións Especiais:** \* Xestión específica e seguimento da anticoagulación en **xestantes** (profilaxe e tratamento de enfermidade tromboembólica, axustes de dose por trimestre).
  - Manexo das complicacións trombóticas no **paciente oncolóxico**.
  - Pacientes con patoloxías complexas (insuficiencia renal grave, hepatopatías, extremos de peso).
- **Educación Sanitaria Integral:** Valoración e execución da formación ao paciente e/ou cuidador ao inicio de calquera terapia. Inclúe a entrega de material por escrito, adestramento en autoinxestión de HBPM, explicación de doses, horarios, manexo de esquecementos, interaccións alimentarias/farmacolóxicas, identificación de signos de alarma (hemorragia/trombose) e recomendacións para viaxes.
- **Soporte a Atención Primaria e Especializada:** Atención como referente telefónico principal ("Busca/Teléfono de Anticoagulación"). Resolución áxil de dúbidas a profesionais de Atención Primaria (médicos e enfermeiras), centros sociosanitarios, servizo de Urxencias e outras especialidades do hospital.
- **Coordinación Multidisciplinar:** Mantemento dunha comunicación fluída con servizos clave como Cardioloxía, Neuroloxía, Cirurxía e Farmacia Hospitalaria para a correcta conciliación da medicación e a optimización dos tratamentos.
- **Manexo Perioperatorio (Terapia Ponte):** Xestión, cálculo e explicación ao paciente das

pautas de terapia ponte (bridging) cando se van a someter a procedementos invasivos, cirurxías ou endoscopias, segundo indicación médica e protocolo do centro.

- **Farmacovixilancia:** Detección, rexistro e notificación de posibles Reaccións Adversas a Medicamentos (RAM) ou fallos terapéuticos ao Sistema Español de Farmacovixilancia a través dos circuitos establecidos no centro.
- **Manexo Informático e Rexistro:** Dominio avanzado, actualización de datos e formación a novos usuarios do programa de xestión de anticoagulación actual (**GOTA**), así como do sistema de historia clínica electrónica (IANUS). Rexistro detallado de toda a actividade de enfermaría.
- **Control de Calidade e Equipamento:** Mantemento diario, calibración, xestión de reactivos e control de calidade dos coagulómetros portátiles (POCT) utilizados na unidade, garantindo a súa trazabilidade.
- **Investigación e Docencia:** Participación activa en ensaios clínicos desenvolvidos na Unidade, colaboración na elaboración e actualización de protocolos internos, e docencia práctica a alumnos en prácticas de grao en enfermaría ou novos residentes (MIR/EIR) que roten polo servizo.

### 3. REQUISITOS DE FORMACIÓN E PERFIL PROFESIONAL

- Diplomatura / Grao en Enfermería.
- Valorarase moi positivamente a acreditación vixente en Soporte Vital Básico (SVB).
- Valorarase moi positivamente a formación de posgrao (Máster ou Experto) en áreas relacionadas: Hemostasia, Trombose, Risco Cardiovascular, Coidados Críticos ou Educación para a Saúde.
- Valorarase experiencia previa en servizos de Hematoloxía, Cardiología, Urgencias ou Atención Primaria (con manexo de pacientes crónicos).
- Habilidades de comunicación asertiva, empatía e capacidade para a educación sanitaria e a resolución de problemas de forma autónoma.

### 4. FORMACIÓN A IMPARTIR AO PERSOAL DE NOVA INCORPORACIÓN

Esta formación inicial terá unha duración estimada de **dúas semanas a tres meses** (dependendo da experiencia previa), será impartida por persoal de enfermaría apto e validado para desenvolver este posto de traballo (enfermeiro/a referente de Anticoagulación), a supervisora e o facultativo responsable da unidade.

A adquisición das competencias mediante a realización de tarefas con supervisión e a validación da devandita adquisición quedarán rigorosamente reflectidas no documento **HEM-FPX-001-03**.

O plan de acollida e formación incluírá, como mínimo, os seguintes puntos:

- **Módulo de Acollida e Xestión:**
  - Presentación da Unidade de Anticoagulación, estrutura física e circuitos de pacientes.

- Explicación de requirimentos legais, consentimentos informados, normas de seguridade do paciente e sistema de xestión de calidade.
- Avaliación de coñecementos previos do profesional en hemostasia e trombose.
- Adestramento no manexo do software informático específico (Programa GOTA) e Historia Clínica Electrónica (IANUS), incluíndo circuitos de citación.
- **Módulo Clínico e Farmacolóxico:**
  - Fisiopatoloxía básica da coagulación. Recoñecemento de indicacións de anticoagulación e selección do fármaco óptimo.
  - Interpretación avanzada de estudos de coagulación e monitorización de AVK (manexo práctico de nomogramas de dosificación asistida por ordenador).
  - Protocolos de inicio, control, seguimento e axustes de dose de ACOD (considerando idade, peso, filtrado glomerular e medicación concomitante).
  - Manexo de situacións de urxencia vital asociadas a terapias anticoagulantes: hemorragias maiores, protocolo de reversión urxente con antídotos específicos (Vitamina K intravenosa, Complexo Protrombínico, Idarucizumab, Andexanet alfa).
- **Módulo de Educación e Comunicación:**
  - Metodoloxía de educación sanitaria individualizada ao paciente e á familia. Creación dun clima de confianza.
  - Protocolos de actuación telefónica con Atención Primaria, estruturación de respostas e triaxe telefónica da gravidade.
- **Módulo Técnico e de Calidade:**
  - Extracción capilar minimamente invasiva.
  - Manexo avanzado de coagulómetros capilares, resolución de erros dos dispositivos e rexistro dos controis de calidade semanais.
  - Participación guiada nas sesións clínicas semanais do Servizo de Hematoloxía e revisión da bibliografía científica actualizada da especialidade.